



SERVIZO COIDADORES MEDIODÍA

Ola familias, este ano hai moitísimas solicitudes para a utilización do servizo de comedor do centro polo que este ANPA **quere ofertar aos seus socios** un Servizo de Coidadores para o mediodía, medida consensuada co Colexio.

Este servizo sería contratado ca empresa GAZAPO en horario de **13:50 horas a 14:50 horas**. Os nenos estarían na Aula de Extraescolares do colexio onde disporán de xoguetes e puzzles para que se lles faga máis amena a espera. Poderase contratar **media hora** ou **unha hora**. Cada quince nenos é necesario contar cun coidador polo que para poder facer os cálculos coa empresa e saber canto cobrar aos usuarios necesítase saber con antelación o número aproximado de usuarios. Polo que o **período mínimo** para solicitar este servizo será **dunha semana**.

Para que este servizo poida saír adiante necesitaríanse aproximadamente uns **10/15 usuarios mensuais**.

Empezaríamos o 1 de outubro polo que os **socios do ANPA** que estean interesados en utilizalo teñen de prazo ata o 26 de setembro para solicitalo. No caso de que non sexa viable este servizo avisarase telefonicamente aos interesados.

Se este servizo se pon en marcha para **novembro** teríase de prazo ata o **25 de outubro** para anotarse. Así sucesivamente.

Para anotarse a pódese acudir a **oficina do ANPA** no horario de apertura que abaixo se indica:

Luns 17 e 24: De 09:05 a 10:00 h.

Mércores 19 e 26: de 09:05 a 10:00 h. e de 16:00 a 17:00 h.

Xoves 20: De 10:00 a 11:00 h.

Venres 21: De 10:00 a 11:00 h.

Tamén poderán anotarse na **Secretaría do Centro** ata o día 26 de setembro.

Polo momento non podemos dar un prezo exacto do servizo, pero aproximadamente sería como máximo de **35 euros por mes unha hora diaria**.